

XORNAL DA USC VIRTUAL

O curso ‘As literaturas infantís e xuvenís ibéricas’ analizará na sua sexta edición a poesía infantil actual

O prazo de matrícula neste curso de formación continua remata o 15 de xuño

- Actualizada o Venres, 22 de maio de 2009 ás 13:07

Un ano máis, a Rede temática de Literatura infantil e xuvenil da USC e, este ano, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (co apoio da Dirección Xeral de Política Lingüística) poñen en marcha o VI Curso de formación continua ‘As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora’ no que se tratará a Poesía Infantil no século XXI.

Con este curso trátase de formar ao alumnado nunha temática xeralmente excluída dos planos de estudo das carreiras universitarias e dunha transcendencia fundamental en ámbitos básicos como a formación lectora e a expresión escrita no mundo das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Preténdese así mesmo analizar estas literaturas dende un enfoque comparativo para dar a coñecer que axentes literarios se presentan máis débiles en cada ámbito lingüístico.

Ademais de repasar a producción do período en cada unha das linguas do marco ibérico pero tamén en brasileiro e noutras linguas como o inglés e o alemán, ofrecerase unha selección para a educación literaria, comentarios sobre algunha delas, encontros con escritores e profesionais de distintos sectores do ensino, recitais e talleres de plástica e literarios.

A matrícula do curso, que codirixen a profesora da USC Blanca Ana Roig e Pedro Lucas Domínguez, da Biblioteca Fundación Caixa Galicia, pecharase o 15 de xuño.